



PROBAS SELECTIVAS PARA A COBERTURA DE TRES PRAZAS DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE PUBLICACIÓNS, GRUPO III, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL De 22 DE FEBREIRO DE 2024 (DOG N.º 47, DE 6 DE MARZO DE 2024)

Exercicio: 3º, carácter práctico ou teórico-práctico

Duración: 60 minutos

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2024

1. As cinco fases que contempla OMP na xestión dun orixinal son:

- a) Solicitude-Avaliación-Revisión-Edición-Produción.
- b) Proposta-Avaliación-Corrección-Edición-Produción.
- c) Proposta-Revisión interna-Revisión externa-En edición-Produción.

2. Para a xestión final de produción dun libro en OMP é preciso engadir os roles:

- a) Coordinador editorial e editor/a.
- b) Director de produción.
- c) Coordinador de produción e coordinador/es de márketing y ventas.

3. En OMP, en que pestana se sobe a imaxe da cuberta da publicación?

- a) Catálogo-Identificadores.
- b) Catálogo-Catálogo.
- c) Catálogo-En papel.

4. Os metadatos dun libro apróbanse nas pestanas:

- a) Catálogo-monografía.
- b) Catálogo-identificadores.
- c) Catálogo-citas.

5. Para localizar en OMP un pdf aceptado hai meses para publicación como libro dixital en pdf á venda:

- a) poderase descargar na pestana *Usuarios e roles*.
- b) poderase descargar na pestana *Produción*.
- c) non se pode descargar porque ao pasar máis dun mes dende a data na que se aceptou para publicación desaparece de OMP.

6. A imaxe de cuberta dun libro:

- a) non se sobe en OMP, pois no Prestashop non se ofrece a posibilidade de ver as cubertas dos libros.
- b) non se sobe en OMP, pois OMP non permite a subida das cubertas dos libros, polo cal é necesario subila directamente en Prestashop.
- c) sóbese en OMP, dende onde migra automaticamente a Prestashop.

7. En OMP, cando se pasa un título da colección «Unidades Didácticas» que estaba á venda a acceso aberto, temos que crear un formato de publicación novo?

- a) Si, PDF [aa].
- b) Non é preciso, só hai que poñer o PVP en 0 €.
- c) Si, PDF [cc].

8. En AGC, cales son pasos para facer o albará de depósito para unha distribuidora?

- a) Mantenimiento–Cobros, Pagos y Devoluciones–Albaranes.
- b) Mantenimiento– Ficheros principales –Distribuidores.
- c) Mantenimiento–Documentos–Albaranes de depósito–Directos.

9. O metadato *Resumo* dun libro:

- a) Migra automaticamente de OMP a Prestashop.
- b) Unha vez o libro en Prestashop, hai que editalo.
- c) Para incorporalo en Prestashop hai que seleccionar a pestana *Importar metadatos*.

10. En AGC, cal é o código numérico das doazóns?

- a) 5.
- b) 1.
- c) 8.

11. En OMP, cando se introduce o ISBN, que código ONIX debe seleccionarse?

- a) ISBN-A (26).
- b) ISBN-13 (15).
- c) ISMN-13 (25).

12. Dende o departamento editorial avisan de que en OMP está listo para publicación un libro da colección «Cursos e Congresos» en formato dixital .pdf en acceso aberto e solicitan a alta. Cal é o seguinte paso?

- a) Subir o pdf final ao repositorio institucional da USC Minerva.
- b) Subir o pdf final na pestana *Descripción* no *backoffice* do Prestashop.
- c) Establecer en OMP as condicións para a publicación.

13. En AGC, para buscar o código da obra *Álgebra linear numérica*, cal destas formas escritas dará resultados?

- a) alxebra linear numérica.
- b) alxebra linear numerica.
- c) álgebra linear numerica.

14. O metadato ISBN dun libro impreso incorpórase en OMP:

- a) como valor de código en identificación do produto nos metadatos do formato.
- b) na lista de colaboradores, canda os autores e os coordinadores do libro.
- c) en forma de nota premendo en *Notas* canda o pdf que se postulou baixo a epígrafe de *Archivos de envío*.

PREGUNTAS DE RESERVA

15. Reportan que un pdf publicado en OMP non se pode previsualizar na librería dixital da USC, pois sae unha mensaxe de erro 404. Que hai que facer?

- a) Eliminar a proposta de OMP e marcar no Prestashop o libro como esgotado de xeito permanente.
- b) Eliminar a proposta de OMP e marcar no Prestashop o libro como descatalogado por un período de dous meses, para así ter unha marxe de tempo para resolver a incidencia.
- c) Abrir unha incidencia no xestor de incidencias da empresa que proporciona o servizo.

16. En OMP, baixo a pestana *Catálogo*, a pestana *PDF (cc)*:

- a) Refírese a un produto en acceso aberto nativo.
- b) Refírese a un produto da colección «Cursos e Congresos».
- c) Refírese a un produto en acceso aberto tras un período de embargo comercial.

17. En OMP, onde se pode consultar unha obra que aínda non está publicada pero si en preparación?

- a) Propostas.
- b) Catálogo.
- c) Non é posible.

18. En AGC, cales son os pasos para facer a liquidación dunha distribuidora?

- a) Mantenimiento–Ficheros principales–Distribuidores.
- b) Mantenimiento–Documentos–Facturas de venta–Directa.
- c) Consultas e informes–Ficheros maestros–Distribuidores.

19. Cando un cliente vén comprar un libro fisicamente á librería da editorial, que número de cliente se lle debe asignar á factura creada en AGC?

- a) O que se dá de alta cada mes para tal efecto.
- b) Créase un novo cliente cos datos que nos proporcione.
- c) Para as vendas en persoa non se crea factura, chega co recibo do TPV.

20. Un pdf que o departamento editorial acaba de aceptar en OMP para publicación:

- a) Estará acompañado dunha caixa rectangular de cor verde marcada cunha marca de verificación e co texto *Aceptado*.
- b) Levará o nome *Aceptado para publicación* seguido da primeira palabra do título do libro.
- c) Estará acompañado dun galón azul coa indicación *Pendente de validación*.